




# ILLA DE AROUSA (CENTRO)

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 9 km  
**Dificultade:** baixa  
**Duración:** 3 horas



Unha ruta circular pola Illa de Arousa que combina natureza, paisaxe e zona urbana. Para gozar de toda a diversidade biolóxica e cultural que se nos ofrece ao longo do percorrido.

## COMO CHEGAR:

Partindo do Vao, e seguindo o sendeiro paralelo á nova estrada que vai ao Xufre, achegámonos por Riasón e a Punta Sapeira a Cabodeiro e, desde aí, pasando pola Punta dos Furados, ao Xufre; do Xufre imos ao Cantiño e do Cantiño, polo paseo, imos á Salga e por Pedracerrada e a Praia Abilleira á Punta do Sal e á Punta Ouriceira, e pola praia do Mallón a Espiñeiro, desde onde cruzamos a Camaxe e volvemos ao Vao.



Vista desde a Punta Sapeira cara á Ponte



Paseo de Cabodeiro



O Xufre, porto principal da Illa de Arousa



Dornas en Cabodeiro



Vista desde a Punta Ouriceira. Ao fondo O Cantiño.



Vista desde a Pedra do Sal



Praia de Gradín e Punta Ouriceira á tardiña



Torre do Muíño de Vento



Arenaria do mar (*Honckenya peploides*), unha planta cada vez máis escasa pola presión humana nas praias.



Praia de Espiñeiro desde O Mallón



*Alyssum loiseleurii*, unha planta das dunas gravemente ameazada que se atopa nas dunas do oeste da Illa de Arousa.